

## Solicitude de participación na IV convocatoria para o recoñecemento de boas prácticas de calidade nos centros docentes da USC (2022)

Centro proponente: Facultade de Psicoloxía	
Denominación da práctica: <i>Tempo da Psicoloxía</i>	X Xeral [ ] Específica
<p>Proceso(s) do SGC implicado(s): PS-06: Información pública e PC-03: Apoio a estudantes.</p> <p>Esta actividade enmárcase dentro da liña estratéxica 6: <i>Transferencia do coñecemento e relación coa contorna social</i>, do <b>Plan Estratéxico da Facultade de Psicoloxía, 2021-2022</b> (mediante a acción estratéxica <i>Fomentar a colaboración entre o mundo académico e o profesional, de cara a transmisión do coñecemento psicolóxico e das súas aplicacións ao contorno social</i>); así como dentro da <b>liña estratéxica do SGC da USC: Transferencia efectiva de coñecemento</b> e o proceso relacionado de <b>Información Pública [PS-06]</b>, que ten por obxecto <i>facer pública a información relevante das titulacións impartidas no centro aos grupos de interese</i>. A actividade Tempo da Psicoloxía inclúese como acción de mellora no Plan de Melloras Anual da memoria de calidade 20-21 da Facultade de Psicoloxía, dentro da liña estratéxica 3: <i>Ensinanza centrada no estudiantado, fomentando o desenvolvemento dunha formación integral</i>, relacionada co proceso chave <b>Apoio a estudantes [PC-03]</b>, que ten como obxectivo potenciar as competencias para a empregabilidade, adiantándose ás necesidades que a sociedade demande dos futuros profesionais.</p>	
<p>Datas de desenvolvemento da práctica:</p> <p><b>Planificación:</b> Setembro-xaneiro: organización. Decisión da temática. Determinación do perfil dos participantes e dos poñentes. Selección de poñentes (priorizando a estudiantado egresado da USC). Contacto e confirmación de dispoñibilidade. Actividade cos estudantes (recoñecida como créditos ECTS para o Grao en Psicoloxía) para a divulgación.</p> <p><b>Implantación:</b> Febreiro: na semana en que se celebra o día da Psicoloxía académica (arredor do 24 de febreiro)</p> <p><b>Avaliación:</b> Enquisa de valoración ás persoas asistentes que facilitan enderezo-e.</p> <p><b>Axuste e mellora:</b> en cada nova edición, toda vez que analizamos a actividade, introducimos pequenos axustes para optimizar os recursos dos que dispoñemos e os resultados que agardamos acadar, como por exemplo, a incorporación da modalidade híbrida (presencial-telemático) para maximizar o seu alcance. De feito, como se pode deducir dos datos de asistencia (detallados no último apartado deste documento) que indican un aumento grazas á incorporación do formato telemático, cabe propoñerse a necesidade de manter a versión non presencial (retransmisión telemática de forma</p>	

síncrona) para fomentar a asistencia do público xeral, e manter a presencialidade para favorecer a participación dos/as nosos estudantes.

**Breve descripción da práctica:**

Esta é unha actividade que se ven realizando en colaboración co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (COPG) dende hai catro anos, polo que xa se completou o ciclo de planificación, implantación, avaliación, axuste e mellora, aínda que continuemos a introducir axustes con cada nova edición que melloren tanto o alcance como o interese da actividade.

Partindo do marco estratéxico de transferencia de coñecemento e apoio ao estudantado xa explicado, estas xornadas están dirixidas aos grupos de interese da nosa contorna, como unha actividade de divulgación da Psicoloxía e de diálogo cos axentes sociais sobre temáticas de interese xeral que afectan ao benestar das persoas e comunidades. Así mesmo, é de salientar que esta actividade proporciona unha vía para facer partícipe ao estudantado das titulacións de Grao e Máster en Psicoloxía dese diálogo entre a profesión e o seu entorno social.

En cada edición selecciónase un tema de actualidade no que a Psicoloxía contribúe desde o exercicio profesional, sobre o que xira toda a actividade, e na que participan profesionais da psicoloxía (promovendo e priorizando a participación de estudantes egresados da Facultade de Psicoloxía), representantes de colectivos de interese, axentes sociais e responsables políticos.

Estas xornadas constan de catro sesións que se distribúen ao longo da semana da psicoloxía (terceira semana do mes de febreiro). As tres primeiras teñen unha duración de 2,5-3 horas cada unha e organízanse en torno a un debate, moderado por un/ha xornalista no que participan os actores antes mencionados. A última sesión forma parte das actividades organizadas para celebrar o día da psicoloxía na Facultade, polo que se trata dunha sesión de natureza académica, na que un/ha conferenciante invitado/a leva a cabo unha lección maxistral dunha temática vencellada ao obxecto de *Tempo da Psicoloxía* desa edición.

A temática concreta na que se centraron estas xornadas nas edicións previas foron:

2019: Unha ollada sobre a violencia

2020: Unha ollada sobre a sociedade dixital

2021: Unha ollada sobre a pandemia

2022: Unha ollada sobre o coidado da saúde mental

2023: Unha ollada sobre as migracións (en preparación)

Esta actividade propónse co propósito de acadar os seguintes obxectivos:

- Impulsar a transferencia do coñecemento cara aos grupos de interese
- Promover a necesaria conexión entre os contidos académicos e a práctica profesional
- Que o estudantado se aproxime as características específicas das distintas áreas de intervención da Psicoloxía

- Afianzar a colaboración entre a Facultade de Psicoloxía e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

Para poder acadar estes obxectivos e chegar ao maior número posible de persoas interesadas, profesionais ou non da psicoloxía, as xornadas de *Tempo da Psicoloxía* realízanse, desde 2022, en formato híbrido, presencial e telemático, para facilitar a asistencia máis aló do ámbito da cidade.

En 2021, aprobouse que *Tempo da Psicoloxía* fose unha actividade formativa para o estudantado do Grado en Psicoloxía recoñecida con 2 créditos (ECTS), equivalentes a 50 horas de dedicación dos estudantes (incluíndo a asistencia ás xornadas e a realización dunha tarefa adicional axustada á temática das xornadas). Preténdese así fomentar a participación directa do estudantado e promover que poidan aprofundar no coñecemento do contorno laboral mediante a transferencia das competencias académicas aos distintos ámbitos de intervención profesional.

#### **Custo da actividade**

A Facultade de Psicoloxía faise cargo dos custos indirectos derivados do uso das instalacións e infraestruturas da mesma.

Os custos directos (publicidade, complementos de material e infraestrutura, dietas dos poñentes) vén asumíndoos, até o momento, o COPG

#### **Breve avaliación da eficacia da práctica**

Se ben o éxito da actividade se debería reflectir nun incremento do número de estudantes interesados en participar nesta actividade, así como nas súas respostas as enquisas de satisfacción, non dispoñemos de datos de participación desglosados (estudantes, público xeral e profesionais da psicoloxía), dado que esta actividade non se deseñou, nun principio, como unha actividade focalizada nos estudantes.

Aínda así, co descorrer das sucesivas edicións, observamos un interese crecente pola mesma por parte dos nosos estudantes, si ben carecemos de datos concretos que avalen estas impresións.

O que sí podemos afirmar é que esta actividade ten interese por canto se teñen logrado uns niveis satisfactorios de participación. Os datos de que se dispón do número de asistentes é o seguinte:

1ª edición (2019): modalidade presencial, arredor de 70-80 persoas por sesión

2ª edición (2020): modalidade presencial, no centro da cidade, arredor de 70-80 persoas por sesión

3ª edición (2021): modalidade telemática (síncrona) 224 persoas (distintas) no conxunto dos 3 días, entre 115 e 125 por mesa, con máis dun 70% conectados durante máis de unha hora.

4ª edición (2022): modalidade híbrida (presencial e telemática síncrona), no salón de actos da facultade de Psicoloxía. Asistiron 342 persoas (distintas) no

conxunto dos tres días, na modalidade virtual. Entre 80 e 150 por mesa. Arredor do 70-80% conectados como mínimo 1 hora. A maioría dos asistentes que o fixeron de xeito presencial foron estudantes.

Tanto os obxectivos que se perseguen como as súas características de formato, desenvolvemento e avaliación, e custo, son xeneralizables a todos aqueles títulos da USC que pretendan reforzar a conexión entre a práctica profesional e o ámbito académico, e mesmo dar a coñecer os logros acadados mais alá das aulas.

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

**Asinante/Firmante/Signer:** MARIA JOSE SAMPEDRO VIZCAYA, DECANO A DA FACULTADE DE PSICOLOXIA, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 16/11/2022 14:03:38.

**CSV:** 0D15-9AB9-44AA-A879